FERVENZAS DAS OLAS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Vilardevós-Área Recreativa: 12 km
Ruta: 2 km (ida e volta)
Dificultade: media
Duración:1 hora

Na parroquia de Soutochao do concello de Vilardevós.
O rego do Pontón é un afluente do Mente que vai moi encaixado e forma numerosos saltos e rápidos.
A fervenza máis grande cae uns 15 m do alto dunha crista de cuarcitas, e máis adiante ten varios rápidos e dúas fervenzas máis pequenas. A vexetación é de tipo mediterráneo: aciñeiras, erbedos, xaras, breixos, carqueixas, cantroxo…
COMO CHEGAR:
Cóllese a estrada de Vilardevós en dirección a Portugal, despois de pasado Soutochao (9 km) cóllese un cruce que leva a Portugal (Sigirei) e á area recreativa da Cidadella. Desde alí pódese comezar a ruta ata as fervenzas ou achegarse co coche un pouco máis abaixo e percorrela polos distintos miradoiros. Tamén se pode facer unha ruta máis longa indicada como Ruta do Contrabando.